

Escola Infantil Municipal Monte Alto

Información do Concello sobre o programa APEGO

Programa de fomento e dinamización do galego na Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña e as actividades que programamos para os vosos centros.

Programa de Fomento da lingua galega nas Escolas Infantís Municipais

Os obxectivos do programa de fomento e dinamización do galego nas escolas infantís do Concello da Coruña, baseados no *Plan xeral de normalización da lingua galega*, son:

- 1 Contribuír á galeguización de todos os niveis do sistema educativo e á dotación de materiais e recursos ás escolas infantís municipais, principalmente lúdicos, que poidan axudar na consecución desta galeguización.
- 2 Axudar a que as familias que teñen o galego como lingua habitual e desexan que as súas fillas e fillos non o perdan ao socializaren, sobre todo coa entrada na escola, poidan lograr o seu obxectivo.
- 3 Contribuír a que o sistema educativo dispoña dunha planificación orientada a garantir unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, e máis nun contexto tan castelanizado como A Coruña.
- 4 Ofrecerlles ás EIM máis recursos e materiais para o desenvolvemento das aulas en galego na etapa educativa 0-3 anos, primordialmente lúdicos e didácticos e que fomenten unha imaxe positiva do galego nas crianzas.

CALENDARIO DE ACTUACIÓNS NA NOSA ESCOLA PARA AS DÚAS AULAS.

- ❖ “A nena e os tres osos”, de Migallas Teatro, proposta teatral con conto, cancións e monicreques
12 de novembro, mércores 11h.

<https://migallas.gal/a-nena-e-os-tres-osos>

- ❖ “Levántante, Xan!”, de Caxoto, proposta teatral con conto, cancións e monicreques.

20 de novembro xoves, ás 10,30h.

Levántate Xan! (Contos para bebés) – A trastenda dos contos

- ❖ “Arrolar”, da Fundación Legar, proposta musical de cantigas de berce con instrumentos de raíz
26 de novembro mércores 9:30h.
Documento adxunto.